

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE, A AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS E A ASOCIACIÓN STOP ACCIDENTES PARA O IMPULSO DE NOVAS MEDIDAS EN DEFENSA DA SEGURIDADE VIARIA

A Coruña, 11 de marzo de 2020

REUNIDOS

Dunha parte, Ethel M^a Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade e presidenta da Axencia Galega de Infraestruturas, facultada para a formalización deste convenio polos Decretos 26/2019, do 7 de marzo e 173/2011, do 4 de agosto, polo que se aproban a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e o estatuto da Axencia Galega de Infraestruturas respectivamente



Doutra parte, Jeanne Picard Mahaut, representante da delegación da Asociación Stop Accidentes, Asociación de Ayuda y Orientación a los Afectados por Accidentes de Tráfico en Galicia, con CIF G62484480, nomeada na xunta directiva celebrada o 17 de febreiro do 2019.

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente na calidade en que interveñen con capacidade legal, suficiente e necesaria para o outorgamento do presente convenio de colaboración e, a tal efecto

EXPOÑEN

Primeiro.- A Axencia Galega de Infraestruturas (AXI) ten entre os seus obxectivos a mellora da rede viaria de Galicia, de xeito que se proporcione ás persoas usuarias desta unhas condicións de condución cómodas e seguras, mellorando os déficits na seguridade viaria e facilitando o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento harmónico.

Segundo.- A Dirección Xeral de Mobilidade ten competencias en materia de planificación, coordinación e seguimento da política xeral de transportes e execución dos servizos e infraestruturas de transportes na Comunidade Autónoma así como en materia de promoción da investigación sobre transporte, loxística e mobilidade, e asesoramento nestas materias.

Terceiro.- O Plan de Seguridade Viaria de Galicia 2016-2020 ten como obxectivo estratéxico 2 a consecución de “Vías de tránsito e mobilidade mais seguras” e para acadar este obxectivo prevé o desenvolvemento de distintas accións, tales como a consideración do compoñente de seguridade viaria nos informes de planeamento e ordenación do territorio e nos proxectos de estradas, a mellora da seguridade viaria na zona de circulación e nas marxes das estradas, a mellora da seguridade viaria dos usuarios vulnerables, estudos sobre mobilidade nos camiños rurais, os itinerarios escolares seguros e manuais de boas practicas, entre outras.

E o obxectivo estratéxico 4 do plan “Usuarios de vías de tránsito máis seguros”, prevé o desenvolvemento das seguintes accións: xornada de educación e formación viaria, campañas de sensibilización en materia de seguridade viaria dirixidas a pais e fillos, charlas informativas sobre seguridade viaria en Centros Socio-Comunitarios de Benestar, colaboración a través de asesoramento na elaboración de materiais educativos para o ámbito da mobilidade segura e sustentable.

Cuarto.- Stop Accidentes é unha asociación sen ánimo de lucro declarada de utilidade pública que ten entre os seus fins o de promover e efectuar cantas actividades sexan precisas para a sensibilización, concienciación, investigación, estudio e prevención de accidentes de tráfico, así como difundir tales propósitos mediante actividades de información e formación a tódolos colectivos sociais. Stop Accidentes desenvolve os seus proxectos a nivel nacional, responden os seus obxectivos aos obxectivos da Axenda 2030 de Desenvolvemento Sostible, adoptada polos Estados Membros das Nacións Unidas no 2015, que inclúe metas de seguridade vial en dous dos seus 17 Obxectivos de Desenvolvemento Sostible: O.D.S. 3 «Garantizar unha vida sana e promover o benestar para todos e todas en todas as idades» e O.D.S. 11 «Lograr que as cidades e os asentamentos humanos sexan inclusivos, seguros, resilientes e sostíbeis».

Quinto. Stop Accidentes ven desenvolvendo unha actividade continua en materia de seguridade viaria, e en particular no estudo e formulación de propostas que permitan xerar contornas seguras en centros escolares baixo a denominación de A.N.C.A.S., Asociación de Nenos/as Camiñantes por un Ambiente Sostible e Seguro. Trátase dun proxecto educativo que incorpora a práctica de hábitos saudables e valores de convivencia a través de pautas de seguridade viaria para conseguir un entorno urbano máis saudable, seguro e medio ambiental, que leva varios anos de traxectoria e que tan só no ano 2018 implicou a 10.279 alumnos de centros escolares. Ademais deste relevante proxecto en núcleos urbanos, promove unha liña de traballo que traslada estas experiencias ao rural, cuestión na que foi pioneira e na que xa conta cunha experiencia relevante.

Ao mesmo tempo, o ámbito rural galego é de grande importancia no marco das competencias da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e da Axencia Galega de Infraestruturas, tanto dende o punto de vista da xestión da rede viaria de titularidade autonómica como da xestión do transporte inteurbano e do transporte escolar.

Sexto.- STOP Accidentes en Galicia presentou a convocatoria da Carreira Ponle Freno de Pontevedra 2018, que conta co apoio da Fundación AXA como patrocinador principal,

e con CGA como patrocinador oficial e organizado por ATRESMEDIA, e resultou elixido o proxecto presentado para desenvolver un proxecto piloto sobre “Entorno escolar seguro e inclusivo no rural da provincia de Pontevedra”. No desenvolvemento deste estudo piloto analizou a contorna do centro escolar, localizado nun entorno rural do municipio de Pontevedra, o que lle permitiu obter un diagnóstico dos viais e do entorno do centro escolar, para realizar unha proposta de mellora da seguridade vial impulsando unha mobilidade máis segura para lograr eliminar barreiras arquitectónicas para a comunidade escolar e toda a poboación en xeral. Ao mesmo tempo, no ámbito deste proxecto, tamén desenvolveu obradoiros de sensibilización co alumnado do centro escolar para impulsar a cultura da seguridade.

Sétimo. Stop Accidentes redactou en 2018 un Informe sobre camiños escolares nun entorno rural en colaboración coa Axencia Galega de Infraestruturas no que estuda e pon en relevo a problemática existente nos entornos e desprazamentos escolares no rural. Para desenvolver a actividade elixiuse o CPI José García García de Mende (Ourense), con 263 alumnos, 206 deles usuarios do transporte escolar. No marco do traballo realizouse unha diagnose do contorno escolar e do seu viario, con referencia aos lugares de procedencia do alumnado e do persoal que traballa no centro escolar, e así poder definir os percorridos dos alumnos/as dende a súa casa ata a parada do autobús escolar, os traxectos realizados, as paradas de autobús, o camiño que fan os alumnos ou o persoal do centro que van andando, etc. Establecéronse as liñas xerais para conseguir un desprazamento máis seguro e con infraestruturas que protexan aos peóns e aos ciclistas. Ademais, déronse charlas a todos os alumnos do colexio, para sensibilizalos acerca da seguridade viaria, e ao finalizar o traballo, realizouse unha memoria cunha serie de conclusións respecto das necesidades existentes.

Oitavo. Stop Accidentes tamén conta cunha liña de traballo focalizada sobre o grupo das persoas maiores da sociedade, xa que o seu peso tanto demográfico como nas estatísticas de sinistralidade cada vez é maior. Na rede autonómica de estradas o grupo de idade con máis falecidos no ano 2018. Tamén é o grupo de idade con máis feridos graves, pero sen embargo está moi por debaixo de outras idades en feridos leves. Isto pon de manifesto a súa especial vulnerabilidade, xa que para un mesmo accidente as

consecuencias agrávanse moito no caso dunha persoa maior. As actividades de Stop Accidentes con colectivos especialmente vulnerables como as persoas maiores reuniron a 9.114 participantes no ano 2018.

Noveno.- A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Axencia Galega de Infraestruturas pretenden aproveitar a experiencia Asociación Stop Accidentes para, en colaboración con ela, incidir a través dun conxunto de medidas, no deseño de viais máis seguros para os peóns como colectivos máis desprotexidos e na concienciación dos perigos aos que están expostos así como na adquisición de hábitos correctos.

Considerando a confluencia dos intereses das partes comparecentes, faise preciso artellar as bases para a óptima coordinación e así regular a colaboración nas súas actuacións. Para o fin mencionado, formalízase o presente convenio con suxeición ás seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é establecer as bases da colaboración técnica e económica entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a Axencia Galega de Infraestruturas e a Asociación Stop Accidentes para realizar varias actuacións enfocadas á mobilidade segura e inclusiva no entorno rural, centrándose en dous colectivos especialmente vulnerables como son os escolares e as persoas maiores.

SEGUNDA. ACTUACIÓNS

O obxecto do convenio comprende as seguintes actuacións:

1. Diagnóstico e seguimento na redacción do proxecto e na execución das obras para a mellora das infraestruturas no CEIP Santo André de Xeve, Pontevedra.

2. Proxectos piloto dun contorno seguro para dous equipamentos da terceira idade, centro de día ou residencia de maiores, no ámbito rural.
3. Redacción dun manual de seguridade viaria e boas prácticas dirixido aos usuarios do transporte escolar (acompañantes, niños e pais).
4. Impartición talleres en colexios e centros de persoas maiores sobre o manual de seguridade viaria.

TERCEIRA. COMPROMISOS DA ASOCIACIÓN STOP ACCIDENTES

A Asociación Stop Accidentes asume as seguintes obrigas respecto de cada unha das actuacións obxecto do convenio:

1º En relación co diagnóstico e seguimento na redacción do proxecto e na execución das obras para a mellora das infraestruturas no CEIP Santo André de Xeve, Pontevedra:

a) Establecer un diagnóstico viario do CEIP Santo Andre de Xeve que permita os desprazamentos con infraestruturas máis seguras, así como reforzar a autonomía do alumnado en beneficio da vida base.

b) Seguir á execución das melloras nas infraestruturas propostas para o CEIP Santo Andre de Xeve no ámbito do proxecto "Itinerario peonil e ciclista na PO-223. Treito: A Piolla-O Couso-O Sobral. P. Q.1+600-5+700", de clave PO/16/262.06, que desenvolve a AXI. Este seguimento incidirá especialmente nas medidas provisionais de accesos e desvíos de tráfico que sexa necesario implantar na execución das obras, a definición concreta dos detalles de accesibilidade ou a programación das obras en relación co funcionamento do centro escolar, entre outros asuntos.

c) Facer participe á comunidade escolar tanto no diagnóstico como no seguimento do proxecto "Itinerario peonil e ciclista na PO-223. Treito: A Piolla-O Couso-O Sobral. P. Q.1+600-5+700", de clave PO/16/262.06, no ámbito que afecte ao CEIP Santo Andre de Xeve.

c) Elaborar unha memoria descritiva do proceso de diagnóstico e seguimento na redacción e execución do proxecto, na que se identifique a situación inicial, as medidas propostas e o seu seguimento.

2º. En relación cos proxectos piloto dun contorno seguro para dous equipamentos da terceira idade, centro de día ou residencia de maiores, no ámbito rural, elaborar e redactar un proxecto piloto de contorno seguro en cada un dos dous equipamentos públicos destinados a persoas maiores en ámbito rural.

3º. Redactar un manual de seguridade viaria e boas prácticas dirixido aos usuarios do transporte escolar (acompañantes, niños e pais).

4º. En relación coa impartición de talleres en colexios e centros de persoas maiores sobre o manual de seguridade viaria:

a) Difundir o manual de boas prácticas entre os actores implicados, a través de actuacións de carácter socioeducativo, facendolles partícipes da necesidade dun cambio de comportamento a favor da mobilidade inclusiva, salubre e segura.

b) Impartir 100 talleres en colexios e centros de persoas maiores das catro provincias galegas sobre o manual de seguridade vial e boas prácticas.

c) Elaborar unha memoria descritiva das actividades realizadas.



CUARTA. COMPROMISOS DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS

A Axencia Galega de Infraestruturas asume as seguintes obrigas respecto de cada unha destas actuacións:

1º. En relación co diagnóstico e seguimento na redacción do proxecto e na execución das obras para a mellora das infraestruturas no CEIP Santo André de Xeve, Pontevedra:

a) Colaborar no financiamento desta actuación cun importe de vinte e cinco mil euros (25.000,00 €), con cargo a aplicación orzamentaria 08.A1.512B.640.1 e código de proxecto 2013 00003. Dita colaboración realizarase en dúas anualidades:

No ano 2020 para o seguimento da redacción do proxecto por un importe de 10.000 €.

No ano 2021 para o seguimento da execución das obras por un importe de 15.000 €.

b) Poñer a disposición do desenvolvemento desta actividade os medios técnicos tanto propios como de asistencia técnica á redacción do proxecto e, no seu caso, de control e vixilancia das obras.

c) Implementar no proxecto e nas obras aquelas medidas que se propoñan e conten coa conformidade da dirección do proxecto e das obras.

2º. En relación cos dous proxectos piloto dun contorno seguro en dous equipamentos da terceira idade, centro de día ou residencia de maiores, no ámbito rural:

a) Colaborar no financiamento desta actuación cun importe de trinta mil euros (30.000,00 €), con cargo á aplicación orzamentaria 08.A1.512B.640.1, código de proxecto 2013 00003.

A dita colaboración realizarase en dúas anualidades:

No ano 2020, para redacción a elaboración e redacción do proxecto piloto do contorno seguro no equipamento ou centro nº1 destinado a persoas maiores, por un importe de 15.000 €.

No ano 2021, para redacción a elaboración e redacción do proxecto piloto do contorno seguro no equipamento ou centro nº2 destinado a persoas maiores, un importe de 15.000 €.

b) Facilitar os medios técnicos necesarios para poder estudar con detalle a viabilidade das propostas que se formulen, de ser necesario.

c) Implementar aquelas medidas, derivadas dos estudos elaborados por Stop Accidentes, que se consideren axeitadas por parte dos técnicos da Axencia Galega de Infraestruturas, ben con medios propios da conservación de estradas ou mediante a tramitación dos contratos de execución de obras que se consideren necesarios.

QUINTA. COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, asume as seguintes obrigas respecto de cada unha destas actuacións:

1º En relación coa redacción dun manual de seguridade viaria e boas prácticas dirixido aos usuarios do transporte escolar (acompañantes, niños e pais):

a) Colaborar no financiamento desta actuación cun importe de 20.000 €, que se financiarán con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020, aplicación orzamentaria 08.02.512A. 640.0 e código de proxecto 2011 00253.

b) Difundir o contido do manual entre o persoal técnico da Dirección Xeral de Mobilidade, e colaborar para facilitar a difusión tamén entre as empresas prestadoras do servizo de transporte de viaxeiros e transporte escolar.

2º. En relación coa impartición de talleres sobre o manual de seguridade viaria en colexios e centros de persoas maiores:

a) Colaborar no financiamento desta actuación cun importe dunha achega límite de 20.000 €, dos que 5.000 € que se financiarán con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2020 e 15.000 € con cargo aos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2021, aplicación orzamentaria 08.02.512A. 640.0 e código de proxecto 2011 00253.

b) Difundir as convocatorias de impartición destes talleres en medios de comunicación, para unha maior implicación social.

SEXTA. XUSTIFICACIÓN E PAGO

STOP ACCIDENTES xustificará as actuacións realizadas do seguinte xeito:

- No tocante á actuación 1ª, a anualidade 2020 será xustificada mediante:

- Entrega do diagnóstico viario do CEIP Santo Andre de Xeve descrito no punto 1 das obrigas de STOP ACCIDENTES.
- Entrega dunha memoria descritiva das actuacións desenvoltas, recursos empregados e fitos alcanzados no ano 2020.

A anualidade 2021 xustificárase mediante:

- Un certificado asinado pola persoa responsable da ASOCIACIÓN STOP ACCIDENTES onde se exprese que por parte desta se realizou a actuación obxecto do convenio.
- Entrega dunha memoria descritiva do proceso de diagnóstico e seguimento na redacción e execución do proxecto, na que se identifique a situación inicial, as medidas propostas e o seu seguimento.

-No tocante á actuación 2ª, a anualidade 2020 será xustificada mediante a entrega, con conformidade por parte da Axencia Galega de Infraestruturas, do proxecto piloto do contorno seguro no equipamento nº1 destinado a persoas maiores.

A anualidade 2021 xustificárase mediante a entrega, con conformidade por parte da Axencia Galega de Infraestruturas, do proxecto piloto do contorno seguro no equipamento nº2 destinado a persoas maiores.

- No tocante á actuación 3ª, xustificarse no ano 2020 mediante a entrega do manual de seguridade viaria e boas prácticas dirixido aos usuarios do transporte escolar (acompañantes, niños e pais).

- No tocante á actuación 4ª, a anualidade 2020 será xustificada mediante:

- Un certificado asinado pola persoa responsable da ASOCIACIÓN STOP ACCIDENTES onde se exprese que por parte desta se realizaron os fitos previstos para esta actuación no ano 2020.

- Entrega dunha memoria descritiva e fotográfica dos talleres impartidos no ano 2020, con indicación das datas de realización, recursos empregados e número de asistentes

A anualidade 2021 xustificarse mediante:

- Un certificado asinado pola persoa responsable da ASOCIACIÓN STOP ACCIDENTES onde se exprese que por parte desta se realizou a actuación obxecto deste convenio.

- Entrega dunha memoria descritiva e fotográfica dos talleres impartidos no ano 2021, con indicación das datas de realización, recursos empregados e número de asistentes

A xustificación das actuacións realizadas deberá acompañarse dos xustificantes de gasto nos que incorra STOP ACCIDENTES na realización destas actuacións e deberan presentarse ante a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, ao máis tardar, o 15 de decembro da anualidade correspondente.

A Dirección Xeral de Mobilidade e a Axencia Galega de Infraestruturas procederán ao pagamento das cantidades consignadas no convenio unha vez xustificadas as actuacións realizadas segundo as obrigas previstas no convenio.

SÉTIMA. SEGUIMIENTO E CONTROL

Para o seguimento, control e avaliación de cantas dúbidas poidan xurdir na aplicación do convenio poderase constituír unha comisión de seguimento, coa participación dun

representante da Axencia Galega de Infraestruturas, outro representante da Dirección Xeral de Mobilidade e un representante da Asociación Stop Accidentes.

A comisión poderase reunir as veces que se estime oportunas para o cumprimento do convenio.

As dúbidas que se presenten na súa interpretación, en caso de discrepancias serán resoltas, visto o informe da comisión de seguimento, pola persoa titular da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, poñendo así fin á vía administrativa.

As cuestións litixiosas xurdidas da interpretación, desenvolvemento e aplicación do convenio serán resoltas pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra estes acordos poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



OITAVA. MODIFICACIÓNS DO CONVENIO

As modificacións formalizaranse mediante *addenda* cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio e requirirá acordo unánime entre a Asociación Stop Accidentes e Consellería de Infraestruturas e Mobilidade e a Axencia Galega de Infraestruturas.

NOVENA .RESOLUCIÓN

Son causas de resolución do convenio:

- a) O transcurso do prazo de vixencia do convenio sen acordarse a prórroga do mesmo.
- b) O acordo unánime de todos os asinantes.

- c) O incumprimento das obrigacións e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes.
- d) A decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- e) A inviabilidade da realización da actuación por causas non imputables ás partes.
- f) A denuncia por causas de interese público a instancia de calquera das partes asinantes
- g) O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios do convenio ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.
- h) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.



DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

Este convenio producirá efectos dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2021.



DECIMO PRIMEIRA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio ten natureza administrativa e regularase polo establecido no presente convenio e, supletoriamente, polos principios da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e da Lei 40/2015 do 1 de outubro de Réxime xurídico do sector público.

O desenvolvemento dos compromisos, obrigas e demais actuacións contidas no presente convenio rexeranse polo establecido nas cláusulas do mesmo.

DECIMO SEGUNDA. CONSENTIMENTO PUBLICACIÓN DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio, e mailo resto de especificacións contidas no mesmo, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno (DOG nº 30 do 15 de febreiro) e o Decreto 126/2006, do 20 de xullo polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG nº 149 do 3 de agosto).

Así o outorgan no lugar e data do encabezamento, subscribindo o presente convenio por triplicado exemplar.

A Conselleira de Infraestruturas e
Mobilidade e presidenta da Axencia Galega
de Infraestruturas



Ethel M^a Vázquez Mourelle

Representante da delegación da Asociación
Stop Accidentes en Galicia



Jeanne Picard Mahaut,